Nome: Federación Down Galicia
Sede: Rúa Alejandro Novo González nº1
Santiago de Compostela
Teléfono: 981 58 11 67
E-mail: downgalicia@downgalicia.org

#Unión
#Comunidade
#Reivindicación
#XestiónResponsable

A Federación Down Galicia é unha organización non lucrativa. As entidades membro que a forman, fundadas por familias con fill@s coa síndrome de Down, proceden das 7 cidades galegas:

1989	1991	1994	1996	1997	**1998**	2000	2003
Down Vigo	Down Pontevedra "Xuntos"	"Teima" Down Ferrol	Down Lugo	Down Compostela	**Down Galicia**	Down Coruña	Down Ourense

EXPERIENCIA

Desde 1998, máis de 25 anos coordinando, apoiando e impulsando coas 7 entidades membro a mellora da calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e/ou con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade.

A Federación desenvolve un Servizo de Promoción da Autonomía Persoal, SEPAP, para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual. Distribuído en áreas, abrangue toda a súa vida:



FORMACIÓN

O equipo das entidades Down de Galicia está composto por profesionais de diferentes especialidades, dando resposta ao servizo integral e á coordinación das accións a nivel galego. Desta maneira, pedagog@s, logopedas, psicólog@s, traballador@s sociais e técnic@s de emprego, entre outros, únense a xerentes, coordinador@s, administrativ@s, informátic@s ou técnic@s de comunicación. Os recursos humanos son o motor da organización..

DATOS DE INTERÉS

- Declarada de Utilidade Pública desde 2006
- Acollida á Lei de Mecenado, permitindo beneficios fiscais aos doantes, desde 2006
- Certificado de Calidade ISO 9001 nos servizos que presta desde 2008
- Contas anuais auditadas

PRINCIPIOS

Diversidade · Dignidade · Poder de decisión e independencia · Igualdade de oportunidades · Inclusión e participación · Accesibilidade

DOWN Galicia en datos

No ano 2000 o servizo apenas cubría a 200 usuari@s.
Coa gran demanda, en 25 anos cuadriplicouse a atención.
Na actualidade as entidades ven limitada a súa capacidade
e non poden chegar a atender a todas as persoas que o solicitan.

803
persoas atendidas

+2.409
familiares acompañad@s

Atención a persoas de
+130
concellos galegos

SATISFACCIÓN

O nivel de satisfacción de tod@s @s interesad@s no servizo é moi importante como organización. Por iso, un dos obxectivos das entidades Down de Galicia é manter a calidade, eficiencia e harmonía do seu labor diario.

97%
satisfacción d@s usuari@s

93%
satisfacción das familias

82%
satisfacción d@s profesionais

RECOÑECEMENTOS

O traballo e os proxectos de Down Galicia son recoñecidos por outras organizacións. Entre outros, destacan:

- 2024 Premio Revelación RIES do Cluster Saúde de Galicia polos Protocolos de Avaliación e Seguimento do Envellecemento
- 2023 Premio da Fundación Iberdrola ao proxecto "Emprego Con Apoio"
- 2021 Premio da Fundación Mapfre ao proxecto "Apoio e intervención no proceso de envellecemento"
- 2018 Premios "La Caixa" a la Innovación Social 2017 al proyecto "Una escuela para tod@s: Inclusión educativa"
- 2015 1º Premio Fundación Randstad na categoría institucional por "Potenciando o talento profesional: Emprego Con apoio"
- 2012 1º Premio Educaweb de Orientación Académica e Profesional pola "Guía de orientación académica e profesional"
- 2004 Premio ONCE Galicia á Solidariedade de Integración Laboral

CONFIANZA

As entidades Down reciben acotío a confianza e o apoio de organizacións e administracións, como por exemplo:

Xunta de Galicia · Deputación da Coruña · Deputación Pontevedra · Deputación Ourense · Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU · Fundación ONCE · Fundación "la Caixa" · Futuro con Energía · Iberdrola España Fundación · Fundación Inocente